

Informe sobre o topónimo *Barcia de Mera*

O nome da parroquia *Barcia de Mera* é unha locución constituída pola palabra *Barcia*, a preposición *de* e por *Mera*, seguramente o nome antigo dalgún dos dous ríos que a regan, o Caraño e o Alén.

Barcia, galego moderno *varcia* ‘terreo chan e fértil situado nas marxes dun río, que é frecuentemente anegado por este’, é voz de etimoloxía dubidosa pero tida por precéltica e indoeuropea, quizais emparentada co vasco *ibar* ‘veiga, val’ ou proveniente dun étimo *varcena* ou *varcina* formado coa raíz hidronímica indoeuropea **awer* ‘humedecer, mollar, fluír’.

Mera é tamén hidrónimo prerromano emparentado con outros nomes de ríos como *Mero*, *Mira*, *Miranda* etcétera. Ese nome antigo do río consérvase tamén no dun dos núcleos de poboación da parroquia, *Mera*.

Tanto *Barcia*, con máis de 30 nomes de lugar formados coa palabra ou que a conteñen, coma *Mera*, máis de 10, son topónimos que se repiten en todo o territorio galego.

Varcena de Mera rexístrase en textos en latín do mosteiro de Melón xa no século XII (ano 1177) e atéstase abundantemente nos séculos posteriores en latín e en romance.

Parece que o nome da freguesía vacila entre *Mera* e *Varcena de Mera* durante toda a Idade Media: aínda a principios do século XIII é *unha villa que uocitant Uarcena de Mera sub aula Sancti Martini* (vila que chaman Barcia de Mera baixo a igrexa de San Martiño, ano 1201). Pero, se non antes, a finais deste século XIII encontramos xa o que logo sería o nome actual da parroquia: *sancti Martini de Varsea de Mera* (ano 1292). Con todo, nun mesmo documento do ano de 1414 aínda a podemos ver mencionada tanto como *Sancto Martino de Mera* coma como *Sancti Martini de Varcea de Mera*.

A partir do século XV empezamos a encontrar o primeiro elemento do topónimo escrito con *B-* inicial, *Barcia*. Esta grafía consolidouse e, fronte á voz común *varcia* recollida nos dicionarios, a Comisión de Toponimia admitiu que os nomes de lugar que a conteñen se grafen con *B-*, forma habitual na toponimia desde hai cincocentos anos.

REAL ACADEMIA GALEGA

O nome da parroquia de *Barcia de Mera*, constituído por tres elementos identificables (a voz común *varcia*, a preposición *de* e o antigo nome do río, *Mera*) figura, nos documentos que puidemos consultar, ó longo da súa historia escrito coa segmentación moderna en tres palabras. Polo menos nos textos medievais e nos dos séculos XVII e posteriores. Só no século XVI e principios do XVII en que se utiliza a letra procesual encadeada, podemos chegar a dubidar de cal é a segmentación coa que o debemos de reproducir, aínda que a práctica dos séculos anteriores e posteriores parece que permiten confirmar que nada mudou e que o topónimo se entendía como *Barcia de Mera*.

É a partir do Nomenclátor de 1930 cando, e descoñecemos o motivo, se empeza a escribir o nome da parroquia como se se tratase dunha única palabra, *Barciademera*, e mesmo se rexistra de xeito erróneo, **Barciadenera*, no de 1960 e 1970.

A historia gráfica do topónimo tamén levou á Comisión de Toponimia a restituír a segmentación que mantivo desde o seu nacemento ata o século XX.

